

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO 4/2019, DO 11 DE SETEMBRO DE 2019, SOBRE O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA DE NECESIDADES DOCENTES URXENTES DERIVADAS DO PRIMEIRO CONCURSO DE PROFESORADO PARA O CURSO 2019/20

Aínda que a maioría das prazas convocadas no primeiro concurso de profesorado para o curso 2019/20 cubríronse antes do comezo do curso o estanse a cubrir durante a primeira semana do mesmo, nalgunhas de ditas prazas é previsible que se produza un retraso na firma do contrato correspondente por circunstancias diversas e consubstanciais ao propio concurso, como poden ser reclamacións, solicitudes de compatibilidade ou retrasos das CEAs entre outros.

Posto que é previsible que a maioría destes retrasos estean resoltos nun prazo menor de dous meses, estes non deberían ter incidencia na impartición da docencia no principio do curso académico, xa que segundo as Normas de Elaboración do POD para o curso 2019/20, aprobadas polo Consello de Goberno na sesión de 20 de marzo de 2019, os departamentos tiñan a obriga de cubrir toda a docencia dos meses de setembro e outubro co cadro de profesorado existente¹.

Dado que determinadas circunstancias extraordinarias poden ter impedido o cumprimento da obriga indicada por parte dalgún departamento á hora de elaborar o seu POD, dítase a presente instrución co fin de establecer o procedemento a seguir nestes casos en base a normativa vixente na Universidade de Vigo.

En primeiro lugar o departamento deberá facer a oportuna modificación do seu POD do curso 2019/20 para cumprir coa obriga indicada, cubrindo toda a docencia dos meses de setembro e outubro co cadro de profesorado dispoñible.

De darse algunha circunstancia que imposibilite a modificación de POD indicada, ou ben sexa previsible un retraso maior de dous meses na resolución da/s praza/s, seguirase o procedemento recollido na normativa vixente na Universidade de Vigo para a cobertura de docencia vacante por circunstancias sobrevidas. En concreto, o indicado no punto 3.5 da Normativa de Profesorado de Substitución, aprobada por Consello de Goberno o 10 de maio de 2011 e modificada polo mesmo órgano na sesión de 21 e 22 de marzo de 2013: *“Cando nunha área de coñecemento sobreveñan ao longo do curso académico necesidades docentes ás que non se poida facer fronte coa capacidade dispoñible, o departamento poñerá tal circunstancia en coñecemento da vicerreitoría competente en materia de profesorado, que, tras apreciar a necesidade da contratación, poderá ofrecer un contrato como profesor de substitución ás persoas aspirantes que figuren na lista de agarda, e informará disto na seguinte reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). A dedicación do contrato será a que determinen as necesidades docentes e non poderá ser superior a dedicación definida no concurso que xerou a lista de agarda.”*

Por último, se non é posible aplicar o procedemento recollido na citada normativa por non dispor a área de coñecemento dunha lista de agarda, porque a mesma estea esgotada ou calquera outra circunstancia, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado buscará, en coordinación co departamento, solucións alternativas para garantir a impartición da docencia, das que informará na seguinte reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado.

¹ Punto 7 da Normativa de elaboración do POD: “Os procesos de selección de novo profesorado requiren prazos legais que dificultan a súa finalización completa antes do inicio do curso académico. Por este motivo, en todos os casos de docencia asignada en POD a novas contratacións, os departamentos deben programar adecuadamente o encargo docente, de xeito que poda garantirse a impartición completa da docencia co seu cadro de profesorado actual durante os meses de setembro e outubro. No momento en que se formalicen as novas contratacións, o departamento poderá modificar a asignación docente realizada inicialmente.”



O procedemento indicado nesta instrución será aplicado tamén para a cobertura de necesidades docentes sobrevidas ao longo do curso por calquera outra circunstancia. Para elo, nos seguintes concursos de profesorado iranse creando de maneira paulatina listas de agarda para todas as áreas de coñecemento da Universidade de Vigo.

